

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15024902	CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	1º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

1. Introducción

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, enuncia entre os obxectivos da etapa o "h": coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

Este é o obxectivo máis relacionado coa área de Ciencias da Natureza, que se concibe como un ámbito cuxo obxectivo principal é que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo en que viven. Así, a aprendizaxe nesta área supón comprender a ciencia como un proceso de investigación, tomando como base e eixo central da materia o método científico.

Para lograr isto, o alumnado debe adquirir conceptos, destrezas e actitudes relacionadas cos distintos contidos nos que se organiza a área nos seus bloques, relativos á cultura científica, a vida no noso planeta; materia, forzas e enerxía; e tecnoloxía e dixitalización.

Para o contexto concreto do centro, hai que destacar que o tren como medio de transporte será o fío condutor, xa que se traballará sobre o mesmo de forma interdisciplinaria en todas as materias e, ademais, é o grande protagonista da área de Proxecto Competencial. Nesta área, temos un bloque estreitamente relacionado con tren: "Materia, forzas e enerxía", sen esquecer que poden establecerse vínculos con calqueira dos bloques.

Así, esta programación didáctica está dirixida aos dous grupos que conforman o nivel, moi heteroxéneos, de 25 alumnos e alumnas de entre 5 e 6 anos de idade cada un. Debido ás súas características, destacando que a maioría son moi inquedos, terá moito peso, sobre todo no primeiro trimestre, o traballo das normas e os hábitos de traballo dentro do marco da acción tutorial que se desenvolve de xeito integrado en todas as áreas. Cómpre destacar tamén o énfase que se fará no vocabulario en lingua galega, xa que o 100% do alumnado é castelanfalante e hai algúns e algunhas que amosan mesmo rexeitamento ao seu emprego.

Empregarase, principalmente, o traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, prestando atención ao asentamento das normas básicas para traballar deste modo ao principio do curso. A área de Ciencias da Natureza ten contidos que, traballados mediante dinámicas de grupo e xogos, resultan moito máis motivadores.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O corpo en movemento!	Nesta primeira unidade didáctica trataremos o corpo humano, traballando como é por fóra e por dentro (principais órganos: cerebro, pulmóns, corazón, estómago...). Tamén trataremos os cinco sentidos e as principais emocións, aproveitando para introducir a educación emocional e as principais ferramentas de reflexión sobre a actitude de cara a aprendizaxe. O esqueleto e os músculos tamén serán traballados, destacando a importancia que teñen no noso movemento. As semellanzas e diferenzas entre as persoas serán tratadas tendo en conta unha perspectiva de xénero e o rexeitamento ante calquera tipo de discriminación.	16	17	X		
2	Os tres piares da saúde	Nesta segunda unidade didáctica traballaremos o concepto de saúde en toda a súa amplitude: física, mental e social. Así, comezaremos por definir saúde e	17	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Os tres piares da saúde	enfermidade e elaborar grupalmente unha lista de actividades divertidas para coidar a nosa saúde. Traballaremos a alimentación saudable, o aseo persoal, a importancia do exercicio físico e do descanso, engadiremos novas emocións ao noso emocionario e, finalmente e de modo global, elaboraremos unha lista de hábitos saudables e estratexias de prevención de accidentes e enfermidades.	17	18	X		
3	Queremos seres vivos!	Nesta unidade, xa pertencente ao segundo trimestre, traballaremos os seres vivos, comezando polo propio concepto. Abriremos a unidade, pois, diferenciando entre seres vivos e inertes, e destacando as condicións que teñen que darse para poder considerar que un ser está vivo. Despois, realizaremos clasificacións de animais e plantas, destacando as semellanzas e as diferenzas. Centraremos logo nos animais, na clasificación en vertebrados e invertebrados e, por outra banda, en vivíparos e ovíparos. Sobre as plantas, traballaremos as partes principais (raíz, talo e follas) e reflexionaremos sobre os coidados que hai que dar a calquera ser vivo.	16	17		X	
4	A natureza é un tesouro	Esta unidade estará centrada na importancia da natureza e o seu coidado. Comezaremos traballando os diferentes elementos que están presentes na natureza: terra, auga, aire, seres vivos... Traballaremos a necesidade recíproca que teñen todos os elementos da natureza, a importancia dos animais e das plantas e os recursos que obtemos deles, para rematar relacionando isto cos danos á natureza e que accións podemos levar a cabo para coidar o noso medio, destacando as que podemos poñer en práctica no cole e a importancia de difundilas na comunidade educativa.	17	18		X	
5	Moito máis que tres erres	Nesta unidade, pertencente xa ao terceiro trimestre, comezaremos traballando sobre os materiais (clasificando en naturais e artificiais; experimentando coas súas propiedades, reflexionando sobre o uso que damos a cada tipo) e a enerxía (cambios de estado, de forma; cambios que producen nos obxectos, consumo sostible da mesma...). Con todo o aprendido, introduciremos as tres erres e logo ampliaremos ese horizonte traballando medidas e accións moi importantes que non están recollidas dentro das "tres erres".	17	17			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Somos habitantes do mundo dixital!	Nesta última unidade do curso traballaremos sobre as tecnoloxías principalmente dixitais, comezando por prestar atención aos obxectos que empregamos todos os días, observando diferentes inventos que melloraron a vida das persoas e recoñecendo algunhas máquinas. Despois falaremos das TIC e a súa importancia, recoñecendo hábitos de emprego crítico e seguro. O resto da unidade versará sobre a realización dun proxecto no que o alumnado debe realizar un invento que resolva un problema, destacando as fases dos proxectos, e empregando as TIC para deseñar, construír e comprobar. Para este proxecto, revisaremos os contidos de todas as unidades previas e formularemos problemas derivados de cada unha, para que, en equipos, poidan elaborar o seu proxecto creando un invento que dea resposta a problemas atopados durante o curso.	17	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O corpo en movemento!	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formula preguntas sinxelas sobre os obxectos, feitos e fenómenos tratados na unidade a través da súa observación.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Procura información, de forma guiada, en fontes da biblioteca, diferenciando o espazo onde pode realizar consultas sobre o medio natural.		
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Recoñece cabeza, tronco e extremidades e identifica o cerebro, os pulmóns, o corazón e o estómago.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Recoñece as emocións principais (alegría, medo, tristura, sorpresa) e identifica cando se presentan nas súas relacións familiares e escolares.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Identifica dous hábitos de vida sustentable relacionados co movemento do corpo (por exemplo: ir camiñando ao colexio en familia, sempre que esteamos a unha distancia razoable).		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Recoñece os principais recursos dixitais que utilizará durante o curso.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Participa nunha sinxela estrutura cooperativa respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Identificación e descrición das partes do corpo humano. - Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	Os tres piares da saúde	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formula preguntas e fai predicións sinxelas sobre os obxectos, feitos e fenómenos tratados na unidade a través da súa observación.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Procura información en fontes fiables propostas por parte da persoa docente, utilizándoa nunha investigación grupal sinxela.		
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñece diferentes hábitos de vida saudable e, en grupo, elabora unha lista cos principais, tratando, como mínimo, a alimentación, o exercicio físico e o descanso.		
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Explica como funcionan as principais partes do corpo e órganos como o corazón ou os pulmóns cando realizamos exercicio físico.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Amplía o seu repertorio de emocións identificadas (confusión, ira, asco) e identifica situacións nas que se presentan.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utiliza con responsabilidade e seguindo as normas o ordenador na aula de Informática para realizar as procuras sinxelas propostas.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Participa nunha sinxela investigación grupal respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Identificación e descrición das partes do corpo humano. - Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	Queremos seres vivos!	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formula preguntas e fai predicións sinxelas sobre os obxectos, feitos e fenómenos tratados na unidade a través da súa observación.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Procura información en fontes fiables propostas por parte da persoa docente, utilizándoa nunha investigación grupal sinxela.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participa, con guía docente e respectando as normas, nun experimento relacionado coas características principais dos seres vivos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica, con axuda dun guión e o apoio de recursos audiovisuais, os resultados dunha investigación sinxela sobre os animais vertebrados e invertebrados.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as características principais dos seres vivos e do medio no que viven, e emprega ferramentas como os mapas conceptuais sinxelos para organizar a información.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Identifica a conexión existente entre os seres vivos e o medio no que viven, recoñecendo a necesidade de empregar recursos do medio para vivir.		
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñece diferentes hábitos de vida saudable, centrándose no contacto coa natureza e identificando actividades que se poden realizar no medio natural sen causar dano medioambiental.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Identifica accións das persoas sobre outros seres vivos e elementos do medio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utiliza con responsabilidade e seguindo as normas o ordenador na aula de Informática para realizar as procuras sinxelas propostas.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Participa nunha sinxela investigación grupal respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
4	A natureza é un tesouro	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formula preguntas e fai predicións sinxelas sobre os obxectos, feitos e fenómenos tratados na unidade a través da súa observación.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Procura información en fontes fiables propostas por parte da persoa docente, utilizándoa nunha investigación grupal sinxela.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participa, con guía docente e respectando as normas, nun experimento relacionado coa medición da contaminación do aire nunha cidade, coa axuda de simulacións mediante medios dixitais.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica, con axuda dun guión e o apoio de recursos audiovisuais, os resultados dunha investigación sinxela sobre cidades e comunidades sostibles.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as características principais do medio natural e a organización dos seres vivos nun ecosistema.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Identifica a conexión existente entre os seres vivos e o medio no que viven, recoñecendo a necesidade de empregar recursos do medio para vivir.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Recoñece a natureza como un ben común que é indispensable preservar.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	É consciente da importancia de coidar e protexer o planeta, realizando unha lista de medidas a adoptar para conservar a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utiliza con responsabilidade e seguindo as normas o ordenador na aula de Informática para realizar as investigacións sinxelas propostas		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Participa nunha investigación grupal respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.

Contidos

- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes.
- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.
- As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas.
- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
5	Moito máis que tres erres	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formula preguntas e fai predicións sinxelas sobre os obxectos, feitos e fenómenos tratados na unidade a través da súa observación.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Procura información en fontes fiables propostas por parte da persoa docente, utilizándoa nunha investigación grupal sinxela.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica, con axuda dun guión e o apoio de recursos audiovisuais, os resultados dunha investigación sinxela sobre os materiais e as súas propiedades.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñece conexións directas entre a materia e a enerxía participando en experimentos sinxelos na aula.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostra actitudes de respecto cara o medio natural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as propiedades fundamentais dos materiais e identifica as principais fontes de enerxía.		
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Analiza, a través de experiencias sinxelas da aula, o efecto das forzas sobre obxectos da súa contorna.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Identifica hábitos de vida sustentable en relación ao aforro enerxético e o emprego de materia para as actividades humanas.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utiliza con responsabilidade e seguindo as normas o ordenador na aula de Informática para realizar as investigacións sinxelas propostas.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realiza, de forma guiada, un produto final sinxelo que responde a un problema relacionado co gran consumo de enerxía.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Participa nunha investigación grupal respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Tipos de materiais segundo a súa orixe. - Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá. - Cambios observables na materia a través da súa experimentación. - Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Proxectos de deseño e pensamento computacional:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
6	Somos habitantes do mundo dixital!	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formula preguntas e fai predicións sinxelas sobre os obxectos, feitos e fenómenos tratados na unidade a través da súa observación.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Procura información en fontes fiables propostas por parte da persoa docente, utilizándoa nunha investigación grupal sinxela.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica, con axuda dun guión e o apoio de recursos audiovisuais, os resultados dunha investigación sinxela sobre a evolución dos dispositivos TIC nos últimos anos.		
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñece diferentes hábitos de vida saudable e, en grupo, elabora unha lista cos principais, centrándose no uso adecuado das tecnoloxías e o descanso necesario para empregalas.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Realiza unha valoración das emocións sentidas, globalmente, ao longo do curso.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as características principais dos materiais que compoñen os dispositivos dixitais.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Recoñece hábitos de vida sustentable relacionados co emprego das tecnoloxías dixitais.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Alcanza un mínimo grao de autonomía no emprego de dispositivos e recursos dixitais do contexto educativa, preguntando sempre pola seguridade nas súas procuras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Inventa, en grupo e de forma guiada, un novo dispositivo tecnolóxico sinxélico ou periférico para un xa existente que dea resposta a un problema habitual, explicando o seu funcionamento e probando prototipos.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Resolve problemas sinxelos de programación, empregando de xeito guiado o pensamento computacional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais. - Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).

4.1. Concrecións metodolóxicas

O Decreto 155/2022 afirma que a área de Ciencias da Natureza debe ser concibida como un ámbito cuxo obxectivo principal é que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo no que viven, adquirindo os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para que poidan construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e sustentable.

Á hora de poñer en práctica esta afirmación na realidade da aula, a metodoloxía é a ferramenta principal, por ser o conxunto de estratexias e accións organizadas que o profesorado planifica de forma consciente e reflexiva para posibilitar a aprendizaxe do alumnado. A metodoloxía supón a oportunidade de motivar a todo o alumnado a continuar o seu proceso de aprendizaxe.

Mel Ainscow, experto mundial en inclusión, comezaba en 2019 unha conferencia na Universidade de Manchester dicindo que a inclusión é o maior reto que teñen as escolas. Unha escola de calidade ten que afrontar os retos, non evitalos, por iso a inclusión é un dos piares metodolóxicos desta programación. Para conseguir abordar en conxunto a inclusión e a atención á diversidade, a resposta está no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), con referentes a nivel internacional como David Rose e Anne Meyer; e a nivel nacional como Alba Pastor e Coral Elizondo.

Precisamente a inclusión e o DUA deben ser os piares que sustenten toda acción educativa, e destes deben ramificarse unha serie de concrecións metodolóxicas adecuadas á idade do alumnado.

O propio Decreto 155/2022 aporta, na súa introdución á área de Ciencias da Natureza, algunhas destas concrecións: as ciencias naturais supoñen comprender a ciencia como un proceso de investigación, a través da observación sistemática, a medición, a experimentación e a formulación de hipóteses; tendo en conta no proceso a dixitalización das contornas de aprendizaxe.

Así, as concrecións metodolóxicas para esta programación serán as seguintes:

- Aprendizaxe colaborativa. Normalmente, será levada a cabo en grupos heteroxéneos de catro persoas. A complexidade do traballo colaborativo irá crescendo ao longo do curso, a medida que o alumnado avance na xestión dos seus recursos e dos conflitos que poidan aparecer. Así, será moi guiado ao principio, buscando unha progresiva autonomía. Esta aprendizaxe colaborativa estará intercalada con momentos nos que se aplicarán estruturas cooperativas. Estas son un paso intermedio entre a aprendizaxe colaborativa e a cooperativa, xa que esta última require de moitas condicións complexas para cumprilas en 1º de Primaria: para falar de aprendizaxe cooperativa, o profesorado ten que realizar unha función proactiva, distribuír ao alumnado en grupos, propoñer normas e repartir roles, entre outros aspectos. Algunhas estruturas cooperativas a aplicar serán "1-2-4", "Equipos de óntes", "Folio xiratorio", "Lapis ao centro", "Xemelgos lectores", "Reparte e aprende", "Coñecemos palabras xuntas" ou "Rallyrobin e Roundrobin".

- Investigación e indagación. A aprendizaxe por indagación é unha metodoloxía de ensino-aprendizaxe na que o alumnado debe atopar solucións a unha situación problema a partir dun proceso de investigación. Esta metodoloxía céntrase en afrontar problemas e no traballo colaborativo. Preténdese potenciar o traballo de habilidades requiridas para unha persoa nun mundo cambiante: buscamos formar cidadáns e cidadás resolutivas, capaces de traballar en equipo e cun pensamento crítico. Estreitamente relacionada coa introdución ao método científico necesario para a investigación e, por tanto, coa resolución de problemas relacionados co medio. Hai que ter en conta que a aprendizaxe require tempo para a asimilación e que é, por tanto, fundamental crear espazos de reflexión. Así, formularanse situacións problemas a partir das cales o alumnado deberá propoñer hipóteses que deberán ser validadas ou refutadas mediante a observación, procuras bibliográficas moi sinxelas, mediante evidencias empíricas, interpretando datos de forma guiada... A partir de aquí, deben propoñer respostas ou predicións e expoñelas de forma argumentada, sempre con adecuación á súa idade e a partir de modelos dados.

- Gamificación. A gamificación gañou terreo nos últimos anos grazas ao seu carácter lúdico, demostrando diferentes profesionais como Miralles Martínez e Gómez Carrasco (2020) que o seu éxito repercute na motivación do alumnado, sendo esta unha das súas máis aclamadas potencialidades. Así, en cada unidade didáctica haberá diversas actividades gamificadas. Por exemplo, unha compra no supermercado con tarxetas de alimentos ou un xogo de elaboración do menú máis saudable, no que os equipos se clasificarán para obter puntos con cada plato e, finalmente, recibirán un distintivo segundo a puntuación conseguida.

- Emprego de material manipulativo e fomento da experimentación e as saídas ao medio natural. Estreitamente relacionada coa investigación e a indagación, fomentaremos o emprego de material manipulativo para experimentar, favorecendo sempre unha aprendizaxe significativa que supoña un contacto real e directo, sempre que se poida, co obxecto de estudo, en lugar de realizar únicamente unha explicación teórica a partires dun libro. Por exemplo: ao estudar as plantas, ler sobre elas e realizar procuras para saber máis non será suficiente, tamén será fundamental saír ao medio para poder estar en contacto con elas, neste caso, pode ser no horto escolar do que dispoñemos.

- Experiencias con simulacións virtuais. Para achegar ao alumnado a realidades que non están ao seu alcance, utilizaremos aplicacións informáticas e programas de simulación virtual. Un exemplo pode ser Stellarium, que achega unha simulación moi precisa do ceo. Tamén están as simulacións interactivas de eduMedia, que permiten, entre moitas cousas, observar as correntes oceánicas, o ciclo da auga ou o ciclo da enerxía nun ecosistema.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Tarxetas de información
Sementes de helianthus annuus (xirasol)
Sementes de petroselinum crispum
Proxecto "Protagonistas STEAM"
Appnatomy (aplicación realidade aumentada)
Lámina do esqueleto humano
Recursos dixitais
Materias e recursos elaborados por parte da persoa docente

Contamos cunha baralla de máis de 100 cartas con tarxetas de información. Estas inclúen un elemento que se traballa ao longo do curso, por exemplo, un alimento como poden ser as verduras. Para cada un deses elementos, aparece o nome e unha fotografía ou debuxo no anverso da tarxeta e, no reverso, unha breve descrición, unha adiviña e unha sección "para saber máis".

Tamén temos dúas bolsiñas de sementes de helianthus annuus e petroselinum crispum, que fan a función de material manipulable e que o alumnado, de ser posible, terá a ocasión de plantar no horto escolar.

Protagonistas STEAM é unha pequena proposta didáctica que, adaptada á idade dos nenos e nenas, trata aspectos sobre as vidas de Ada Lovelace, Alexander Fleming, Carl Linneo, Albert Einstein, Tu Youyou e Dian Fossey. Para cada protagonista STEAM, contamos con seis poemas, seis audios, tres barallas de naipes con seis familias de cartas, seis videoanimacións, recursos dixitais e materiais imprimibles.

Appnatomy é unha aplicación de realidade aumentada que poderán usar na tablet da aula: ven con unha lámina de corazón e un cordel. Mediante o escaneo dun QR na lámina que un neno ou nena pon diante do seu corpo, os nenos e nenas poden descubrir de forma máis lúdica como son por dentro.

A lámina do esqueleto humano inclúe os principais ósos para que o alumnado poida recortalos e montalos.

Os recursos dixitais empregados son numerosos e poden ampliarse ao longo do curso, se se presentase unha situación na que se descubre un recurso non previsto que poida axudar ao traballo dos contidos que se está a realizar nese momento. En xeral, son os recursos do libro dixital, con actividades interactivas, vídeos, cancións e actividades de escoita e comprensión oral. O alumnado tamén ten acceso á aula virtual, que está aberta en todo momento e na

que se irán subindo recursos que poderán empregar opcionalmente na casa, dirixidos ao reforzo ou á ampliación de contidos que estamos a traballar nese momento.

Por último, quedan todos aqueles recursos materiais que pode elaborar, manual ou dixitalmente, a persoa docente ao longo do curso escolar, que respondan a unha necesidade concreta do momento. Entraría neste grupo calquera material que responda a estas características, por exemplo, tiras de palabras elaboradas dixitalmente e impresas para recortar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: o coñecemento do seu propio corpo (partes e órganos principais), identificación de hábitos saudables e non saudables, recoñecemento de accións que perxudican á natureza e medidas para protexela, identificación de materiais elementais (madeira, pedra, plástico, papel), identificación de fontes de enerxía básicas (solar, eólica), coñecemento de dispositivos dixitais (partes principais dun ordenador...). Para avaliar estes aspectos, realizaremos nas primeiras semanas actividades lúdicas e xogos para repasar conceptos relacionados coas Ciencias da Natureza traballados en Infantil e relacionados coa súa contorna máis próxima.

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente dificultades e potenciando aqueles outros nos que destaque, co obxectivo de que cada alumna e alumno atope e desenvolva os seus talentos, poñendo en marcha así as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas. En todo caso, seguindo a recente Orde de 8 de setembro de 2021, nestas avaliacións iniciais trataremos de reflectir os resultados evitando as vellas expresións centradas na falta de capacidade e introducindo aquelas que destacan o que o alumnado é capaz de facer, tratando de contribuír ao cambio de paradigma do "non é capaz" ao "é capaz".

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	16	17	17	17	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos criterios de avaliación da presente programación serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración ou con rúbricas, empregando como técnica principal a observación continua e sistemática.

A nota trimestral, no tocante o que ás unidades didácticas se refire, será a seguinte:

-1º trimestre: UD1 50% + UD2 50%.

-2º trimestre: UD3 50% + UD4 50%.

-3º trimestre: UD5 50% + UD6 50%.

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte, tal e como está reflectido na relación de unidades didácticas:

- UD1 16% + UD2 17% + UD3 16% + UD4 17% + UD5 17% + UD6 17%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, sexa un resultado con decimais, aplicarase o seguinte criterio por defecto:

- Se o decimal estivera entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal estivera entre 50 e 99, o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Na presente programación, as medidas de atención á diversidade seguen a liña do proposto pola recente Orde de 8 de setembro de 2022, que desenvolve o Decreto 229/2011. Así, un dos piares fundamentais que guían a acción educativa e que permiten abordar conxuntamente a atención á diversidade xunto a inclusión é o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Prestaremos atención durante o desenvolvemento das sesións ao longo do curso a cumprir cos seguintes tres principios:

- Proporcionar múltiples formas de implicación na aprendizaxe. Activar as redes afectivas. Trátase de empregar diferentes estratexias para motivar ao alumnado, manter esa motivación e facilitar a súa participación activa no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Proporcionar múltiples formas de representación da información. Activar as redes de recoñecemento. Seguindo este principio, presentarase a información ao alumnado en soportes variados e formatos distintos, tendo en conta as diferentes vías de acceso e procesamento de dita información.
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión da aprendizaxe. Activar as redes estratéxicas. Seguindo este principio, ofreceremos ao alumnado diferentes posibilidades para expresar o que saben, para organizarse e para planificarse.

Exemplos de concreción do DUA na realidade na aula poden ser os seguintes: empregar diferentes temáticas e puntos de partida nas actividades para captar o interese do alumnado, utilizar o material didáctico descrito no apartado correspondente (que responde a múltiples e variadas formas de representar a información...) ou ofrecer ao alumnado a oportunidade de expresar o que sabe mediante soportes distintos: escrito, debuxo, explicación oral, deseño e/ou prototipado das ideas... Isto último é especialmente importante para atender a todos os nenos e nenas con independencia do seu nivel de madurez lectoescritora e do nivel de abstracción que alcancen (importante para as áreas científicas), que é moi heteroxéneo.

Ademais, hai que destacar que, no nivel, están a aplicarse desde o inicio de curso medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade das recollidas na Orde do 8 de setembro de 2021. Así, respecto ás medidas ordinarias, están a aplicarse e, en previsión, aplicaranse:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu entorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

Tamén está a aplicarse unha medida extraordinaria de atención á diversidade. Trátase do apoio, tanto dentro como fóra da aula, a alumnado con necesidade específica de apoio educativo por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Esta medida está motivada por necesidades detectadas en Infantil.

Por último, hai que destacar que, como a programación é un documento flexible, este apartado tamén o é, polo que, de ser necesario, aplicaranse novas medidas de atención á diversidade para responder a necesidades que xurdan ao longo do curso, sempre dentro das condicións e temporalización, no seu caso, establecida pola normativa en materia de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora: estratexias antes, durante e despois da lectura. Comentario e opinión conxunta sobre as lecturas realizadas.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral: produción oral espontánea e dirixida.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual: linguaxe audiovisual e publicitaria, reflexión sobre información científica nos medios de comunicación tradicionais e os máis recentes.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital: alfabetización mediática e informacional, necesidade de contrastar informacións para verificala correctamente.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade: deseño e prototipado de ideas, crear inventos que dean resposta a un problema sinxelo.				X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes: perspectiva de xénero e rotura dos roles de xénero tradicionais. Vocacións científicas e mulleres importantes no ámbito da ciencia.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz: resolución dialóxica dos conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable: día a día na aula con exemplos das merendas, o lixo xerado e o traballo nas conmemoracións relacionadas.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde: hábitos de vida saudable, importancia da dieta, do descanso e do exercicio físico.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación emocional e en valores: asembleas de clase semanal, reflexión sobre as actitudes positivas e curtametraxes ou libros para educar en valores.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día Internacional de concienciación sobre a perda e o desperdicio de alimentos	Traballaremos na aula partindo de imaxes que representen o desperdicio de alimentos e poñeremos exemplos próximos coas súas propias merendas para o recreo. Entre todos e todas, realizaremos unha proposta de medidas para reducir o desperdicio alimentario.			
Día do aforro enerxético	Realizaremos un apagón de 10 minutos do centro, introducindo así ao alumnado na necesidade de aforrar enerxía, e creando un ambiente distinto e que chama a atención pola escuridade. Posteriormente, verán vídeos relacionados co aforro de enerxía e realizarán propostas para aforrar enerxía na súa casa e no colexio.			
Día Mundial dos Dereitos do Consumidor	Traballaremos os dereitos que temos como consumidores e consumidoras de determinados produtos e servizos próximos á súa vida cotiá, e relacionarémolo co consumo responsable.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da árbore	A partires dun problema real como é a deforestación, traballaremos co alumnado a importancia das árbores no noso medio e a necesidade de tomar medidas para frear a destrución indiscriminada dos mesmos.			
Día Mundial da Saúde	Trataremos na aula a saúde desde os tres piares fundamentais que a sustentan: a física, a mental e a social. Falaremos da importancia de ter un benestar equilibrado neses tres aspectos para lograr unha boa saúde, do dereito á saúde e da sorte que temos de contar cun sistema público de saúde.			
Día de Europa	O alumnado coñecerá máis sobre Europa, realizará procuras sinxelas de información para saber que é Europa a nivel físico e político e, por grupos, investigarán sobre un país europeo en concreto que lles chame a atención para logo presentar datos de interese sobre ese país (gastronomía, cultura, lugares emblemáticos, cidades sostibles exemplares...) aos seus compañeiros e compañeiras.			
Día Mundial do Medio Ambiente	Recordaremos a importancia de coidar o medio ambiente a través de pequenas accións, elaborando un decálogo de accións que podemos realizar desde o cole para coidar do medio ambiente, do que quedará copia no cole de cara a que o teñan presente cando volvan ao cole xa en 2º curso. Plantaremos sementes no horto escolar e, despois das vacacións de verán, xa no seguinte curso, poderán volver ao horto para ver o que medraron.			

Observacións:

Ao longo do curso poderán introducirse máis actividades tendo en conta os seguintes parámetros:

- Adecuación á idade.
- Adecuación aos coñecementos propios e/ou transversais.
- Implica participación activa do alumnado.
- Parte dun ou varios puntos de interese para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adaptouse a práctica docente ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Mantívose a motivación do alumnado ao longo das actividades propostas en cada unidade didáctica.
Conseguíuse a participación activa do alumnado.
A secuenciación dos criterios e os mínimos de consecución na unidade favoreceron a súa correcta adquisición.
Empregáronse estratexias e procedementos de autoavaliación e reflexión das propias aprendizaxes no grupo.

Proporcionouse ao alumnado unha retroalimentación de como evoluciona o seu proceso de aprendizaxe.
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Os recursos e puntos de partida foron variados, da contorna próxima e adaptados ás características do alumnado.
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos e agrupamentos.
Nas saídas didácticas (actividades complementarias ou extraescolares, de ser o caso) a planificación foi axeitada en canto a tempo, climatoloxía, desprazamento, as actividades propostas... foi axeitada
Fomentouse a comunicación e a participación activa das familias na vida da escola.
Utilizáronse de forma eficaz as TIC nas actividades correspondentes.
Mantívose un clima de seguridade e confianza na aula.
Os instrumentos de avaliación foron axeitados e coherentes cos criterios de avaliación.
Favorecéronse metodoloxías relacionadas coa indagación, a experimentación e o método científico, poñendo ao alumnado en contacto co seu medio natural, potenciando a aprendizaxe significativa.

Descrición:

Estes indicadores de logro serán revisados e aplicados ao final de cada unha das unidades didácticas, posto que entendemos a programación como un documento aberto e necesariamente flexible ao longo do curso académico. Así, resultaría insuficiente realizar unha revisión trimestral, posto que se poden detectar carencias antes.

Así, tras cada unidade didáctica, realizarase unha reflexión a partir destes indicadores de logro. Aqueles indicadores de logro onde se considere que non se acadou o mínimo de consecución porán en marcha un mecanismo de revisión e análise para mellorar na seguinte unidade didáctica.

Ao final de cada trimestre, realizarase unha valoración global do proceso de ensino e a práctica docente, valorando os mecanismos de revisión e mellora aplicados e destacando os aspectos nos que sexa necesario incidir, de cara ao seguinte trimestre, para mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Cambios nas metodoloxías empregadas.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas para atender ás dificultades presentadas e á diversidade xeral da aula.

9. Outros apartados